



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA



FORMACIÓN
Consello da Avogacia Galega



CURSO DE SOCIEDADES MERCANTÍS

Marzo 2018



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA



FORMACIÓN
Consello da Avogacia Galega

CURSO DE SOCIEDADES MERCANTÍLS

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	1
CARACTERÍSTICAS DO CURSO	2
OBXECTIVOS DO CURSO	3
MATRÍCULA E INSCRICIÓNS	3
CERTIFICACIÓN ACADÉMICA	3
EQUIPO	3
COMO ESTUDAR ESTE CURSO	4
FORO	5
PROGRAMA DO CURSO	6
ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA	11



Presentación

Ata o Real decreto 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, as sociedades anónimas e as sociedades de responsabilidade limitada eran tratadas en cadansúa lei especial.

A partir do Real decreto 1/2010, as normas legais sobre sociedades de capital refúndense nun único texto, coa adición daquela parte da Lei do Mercado de Valores que regula os aspectos máis puramente societarios das sociedades anónimas con valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial e coa adición dos artigos que o Código mercantil dedica á comandataria por accións, forma social derivada, de moi escasa utilización na práctica.

Neste curso realízase un profundo estudo dos órganos sociais que interveñen no tráfico mercantil das sociedades anónimas, xunto co réxime de disolución e liquidación que afecta a este tipo de sociedades, así como as operacións de ampliación e redución de capital.

Esta acción formativa parte dun convenio de colaboración entre o Consello da Avogacía Galega e a editorial Thomson Reuters Aranzadi.

Características do curso

Duración:	★★★★
Profundidade:	★★★★★★
Flexibilidade:	★★★★★★★★★★

Organiza: Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos colexios de avogados de Galicia e coa participación da editorial Thomson Reuters Aranzadi.

Coordina: Secretaría Técnica CAG.

Dirixido a: profesionais da avogacía galega.

Modalidade: en liña, ou E-learning, desde a web <http://avogacia.gal/formacion>.

Lingua do curso: castelán.

Lingua da plataforma: castelán ou galego, configurable por cada usuario no seu perfil.

Número de horas lectivas: 60.

Prazo de matrícula: ata o 30 de abril do 2018.

Lugar de matrícula: na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion>.

Prezo: colexiados/as exercentes e alumnos/as do Máster da Avogacía: 50 €. Colexiados/as non exercentes: 70 €.

Remate do curso: 30 de setembro do 2018.

Superación do curso: para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os cuestionarios de autoavaliación.



Obxectivos do curso

O obxectivo do presente curso é o de formar á avogacía galega nas sociedades mercantís e, máis exhaustivamente, nas sociedades anónimas.

Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

Certificación académica

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Tras completar o estudo de todos os módulos teóricos en liña e trala superación de todos os cuestionarios de autoavaliación, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a súa autenticidade.

Equipo


O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

Persoa	Tarefa
SARA MENOR CONDE AVOGADA E PROFESORA UNIVERSITARIA DE DEREITO MERCANTIL	Titoría. Revisión de contidos
SERGIO ARAMBURU GUILLÁN AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega	Coordinación do curso
VERÓNICA PAJÓN JACOBE DOCUMENTALISTA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega	Coordinación e maquetación

Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e material de apoio, en permanente actualización. Ademais, prestarase tutoría en liña cos coordinadores do curso mediante un sistema de foros.

Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os dez temas organizados por pestanas:



Os contidos teóricos ofrécense:

- Mediante paquetes SCORM, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que conteñen a mesma información, coa posibilidade de que se poden descargar e imprimir.

Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.

É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas antes da realización dos cuestionarios de autoavaliación que se atopan ao final de cada unidade. A corrección dos cuestionarios aparecerá na plataforma de maneira inmediata.

Todas as probas de avaliación presentes no curso deben ser realizadas e avaliadas como aptas antes da data de finalización do curso para poder superar a formación.



Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e a súa titora poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo. É a ferramenta principal para consultar as dúbidas sobre o temario.

É a través dos foros onde se dá a maior parte dos debates e discusións dos temas do curso. É unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e un espazo onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí a titora poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, proponendo temas de debate, etc.



Foro Xeral do Curso



Novidades

Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

***** Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles.***

PROGRAMA DO CURSO

TEMA 1. CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE ANÓNIMA

1. Características xerais
 - A) Concepto
 - B) Denominación
 - C) Carácter mercantil
 - D) Capital social
 - E) Nacionalidade
 - F) Domicilio
 - G) Páxina web da sociedade
2. Constitución da sociedade
 - A) Constitución e inscrición
 - B) Escritura de constitución
 - C) Estatutos sociais
3. Modalidades da fundación da sociedade anónima e o réxime dos contratos da sociedade en formación
 - A) A fundación simultánea
 - B) A fundación sucesiva
 - C) O réxime dos contratos da sociedade en formación
4. Nulidade da sociedade
 - A) Causas de nulidade
 - B) Forma de declararse a nulidade
 - C) Implicacións

TEMA 2. CAPITAL SOCIAL: ACHEGAS, DIVIDENDOS PASIVOS E AUTOCARTERA

1. O capital social, concepto e características na sociedade anónima
 - A) División do capital social en accións
 - B) Capital social mínimo
 - C) Capital social desembolsado
 - D) Modificacións do capital social
2. Achegas ao capital social
 - A) As achegas dinerarias
 - B) As achegas non dinerarias
3. Desembolsos pendentes
 - A) Concepto e regulación legal [artigos 23.d), 79 e 81 do TRLSC e 134 do RRM]
 - B) Forma e prazo para os desembolsos pendentes
 - C) Moura do accionista, efectos, reintegración e responsabilidade



4. Os negocios xurídicos sobre as propias accións
 - A) Réxime das accións propias
 - B) Réxime da tenencia de accións propias
 - C) Aceptación en garantía de accións propias
 - D) Asistencia financeira para a adquisición de accións propias
 - E) Participacións recíprocas e circulares
 - F) Réxime sancionador

TEMA 3. RÉXIME DAS ACCIÓNS E DO ACCIONISTA

1. A acción como parte do capital social
 - A) O valor nominal da acción
 - B) Relacións entre o valor nominal e a achega do accionista. Accións con prima de emisión
2. A acción como conxunto de dereitos do accionista. Defensa das minorías
 - A) Dereitos consubstanciais á cualidade de socio
 - B) Outros dereitos
3. Clases de accións. As accións sen voto
4. Documentación das accións
 - A) Introducción. Formas de representación
 - B) Representación mediante títulos
 - C) Representación mediante anotacións en conta
5. Transmisión das accións
 - A) Accións representadas por títulos
 - B) Accións representadas mediante anotacións en conta
 - C) Restricións á libre transmisibilidade das accións
6. Copropiedade e dereitos reais sobre as accións
 - A) Copropiedade
 - B) Usufruto
 - C) Peza

TEMA 4. ÓRGANOS SOCIAIS

1. A xunta xeral
 - A) Clases de xuntas
 - B) Convocatoria
 - C) Lexitimación e representación
 - D) Constitución e quórum
 - E) Adopción de acordos: Votación e maioría
 - F) Dereito de información
2. Os administradores e as formas de organizar a administración
 - A) Clases de órganos de administración
 - B) Nomeamento
 - C) Duración

- D) Prohibicións
 - E) Deberes dos administradores e prohibicións
 - F) Representación
 - G) Retribución
 - H) Separación e dimisión dos administradores
 - I) Consello de administración
 - J) Responsabilidade dos administradores
3. Documentación, elevación a público e modo de acreditar os acordos sociais
- A) Acta dos órganos colexiados e o seu contido
 - B) Elevación a instrumento público dos acordos sociais e persoas facultadas
 - C) Persoas con facultades para certificar
4. Impugnación dos acordos sociais
- A) Impugnación dos acordos da xunta
 - B) Impugnación dos acordos do consello de administración

TEMA 5. CONTAS ANUAIS

1. Concepto de contas anuais e réxime xurídico
2. Obrigados a presentar contas anuais
3. Formulación das contas anuais
4. Auditoría de contas
5. Aprobación das contas anuais
6. Depósito de contas anuais
7. Publicidade das contas anuais
8. Legalización dos libros contables

TEMA 6. MODIFICACIÓN ESTATUTARIAS

1. Introducción
2. Concepto
3. Procedemento
4. Límites
5. Restricións á libre transmisibilidade
6. Substitución ou modificación do obxecto social
7. Modificación estatutaria que afecta aos dereitos dunha clase de accións
8. Cambio de domicilio social
 - A) Modificación do domicilio social dentro do territorio nacional
 - B) Modificación do domicilio social con traslado ao estranxeiro
 - C) Traslado a España do domicilio social de sociedade estranxeira



TEMA 7. AUMENTO E REDUCCIÓN DE CAPITAL SOCIAL

1. Aumento de capital social
 - A) Clases de aumento
 - B) Requisitos
 - C) Dereito de subscripción preferente
2. Redución de capital social
 - A) Clases
 - B) Requisitos
3. Redución e aumento de capital simultáneo (operación acordeón)

TEMA 8. TRANSFORMACIÓN DE SOCIEDADES, FUSIÓN, ESCISIÓN E CESIÓN GLOBAL DE ACTIVOS E PASIVOS

1. Transformación de sociedades
 - A) Concepto, clases e características xerais
 - B) Requisitos da transformación dunha sociedade anónima noutra forma social
2. A fusión de sociedades
 - A) Concepto, réxime xurídico e clases
 - B) Procedemento ou requisitos da fusión
 - C) Fusións transfronteirizas intracomunitarias
3. A escisión de sociedades
 - A) Concepto, réxime xurídico e clases
 - B) Procedemento ou requisitos da escisión
4. A cesión global de activo e pasivo
 - A) Concepto e réxime xurídico
 - B) Procedemento de cesión global de activo e pasivo

TEMA 9. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

1. A disolución
 - A) Causas de disolución
 - B) Acordo de disolución
 - C) Inscripción e publicidade do acordo de disolución
2. Liquidación
 - A) Nomeamento e inscrición de liquidadores, as súas funcións, responsabilidades e cesamento
 - B) Balance final de liquidación e a súa aprobación
 - C) División do haber social
 - D) Escritura pública de extinción da sociedade
 - E) Cancelación rexistral

TEMA 10. DIFERENZAS ENTRE AS SOCIEDADES ANÓNIMAS E LIMITADAS

1. Introducción
2. Notas caracterizadoras da sociedade limitada
3. Constitución da sociedade limitada
 - A) Notas caracterizadoras da sociedade limitada
 - B) Duración da sociedade e data de comezo das operacións
 - C) Réxime da transmisión das participacións: Principais diferenzas e negocios sobre as propias participacións
 - D) O capital social: Especialidades nas achegas
4. Funcionamento dos órganos sociais
 - A) Xunta xeral
 - B) Órgano de administración
5. Réxime de maiorías en xunta xeral
 - A) Maioría ordinaria
 - B) Maioría reforzada
6. Separación e exclusión de socios
7. Contas anuais
8. Análise das operacións societarias máis relevantes
 - A) Aumento e redución de capital social
 - B) Transformación de sociedades, fusión, escisión, cesión global de activos e pasivos
 - C) Disolución e liquidación
9. Conclusións

Cada tema acompáñase dun cuestionario de autoavaliación, de corrección automática.



ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

APROBADOS POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

Artículo 5

No ámbito territorial da súa competencia, terá as seguintes funcións:

1. As atribuídas ó Consello Xeral da Avogacía Española, pola Lei de colexios profesionais, en canto teñan ámbito ou repercusión soamente no territorio da Comunidade Autónoma e cantas outras lle foran encomendadas en virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e as competencias propias de cada colexio.

(...)

4. Fomentar, crear e organizar institucións, servicios e actividades, con relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, a promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes. Establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

(...)